



## **BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL PARA A SUBSTITUCIÓN DURANTE O PERÍODO DA SITUACIÓN DE BAIXA E MATERNIDADE DA TRABALLADORA SOCIAL DO CONCELLO DE AS NEVES, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL**

### **PRIMEIRA. - Normas Xerais.**

É obxecto das presentes bases a contratación dun/dunha traballador/a social a xornada completa, posto adscrito ao departamento de Servizos Sociais, durante o período de duración de baixa e maternidade da Traballadora Social do Concello.

O proceso de selección levará a cabo mediante o concurso de méritos e entrevista.

Ao presente concurso seralle de aplicación o previsto no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Real Decreto Legislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e demais normativa de aplicación.

### **SEGUNDA. - Modalidade do Contrato**

Se formalizará contrato de substitución para a baixa por IT e outro posterior de maternidade da Traballadora Social do Concello. A xornada de traballo será de 37,50 horas semanais.

A duración do contrato abarcará o período de baixa por IT e maternidade da Traballadora Social a que substitúe.

As retribucións serán coincidentes coas establecidas no orzamento vixente para o posto que vai a desempeñar.

### **TERCEIRA. - Condicións de Admisión dos Aspirantes.**

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

---

#### **Concello das Neves**

Praza da Cristiandade, 1 As Neves. 36440 Pontevedra  
Tfno. 986 648 038. Fax. 986 648 052. Email: asneves@fegamp.gal



- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Posuír a titulación de Grado en Traballo Social, Diplomatura en Traballo Social ou Equivalente.
- f) Galego: Celga 4 ou equivalente.

Tódolos requisitos anteriormente citados deberán posuírse no día de celebración da entrevista de selección.

**CUARTA.** A selección efectuarase mediante a correspondente oferta na Oficina de Emprego. Os/as candidatos/as presentaranse no Concello o día que sexan convocados/as aportando a documentación requerida nas presentes bases a efectos de realizar a entrevista nelas contemplada.

**QUINTA.** - O procedemento de selección dos aspirantes constará da fase de concurso de méritos e dunha entrevista.

#### FASE DE CONCURSO:

Na selección valoraranse os seguinte méritos:

**a) Experiencia Profesional:** A puntuación máxima neste apartado será de 3 puntos.

- Por servizos prestados en funcións relacionadas có posto a desenvolver, 0,10 puntos por cada mes traballado, na Administración Pública
- Por servizos prestados en empresa privada en funcións relacionados có posto a desenvolver: 0,05 puntos por mes traballado.

---

#### Concello das Neves

Praza da Cristiandade, 1 As Neves. 36440 Pontevedra  
Tfno. 986 648 038. Fax. 986 648 052. Email: asneves@fegamp.gal



A experiencia acreditarase mediante certificación dos servizos prestados, os correspondentes contratos laborais e/ou informe de vida laboral, a efectos de se poda verificar tempo de duración do contrato e posto desempeñado.

**b) Méritos Académicos:**

- Por posuir outros títulos académicos distintos o esixido para a selección, ata un máximo de 1,75 puntos.
  - Por posuir título de licenciado/a: 1 punto
  - Por posuir título de diplomado/a: 0,75 puntos

**c) Formación Profesional:** A puntuación máxima neste apartado será de 2,5 puntos. Valoraranse os cursos impartidos pola Escola Galega de Administración Pública ou calquera outro organismo competente para impartilos relacionados coa praza á que aspira:

- Cursos ata 25 horas: 0,10 puntos por curso
- Cursos de 26 a 50 horas: 0,20 puntos por curso
- Cursos de 51 a 100 horas: 0,30 puntos por curso
- Cursos de máis de 100 horas: 0,50 puntos por curso
- Cursos ou xornadas nos que non veñan especificados o nº de horas: 0,05 puntos por curso ou xornada

**d) Acreditación do grado de coñecemento de Galego:**

- Certificado de Linguaxe Galega ou CELGA 5, 0,75 puntos.
- Cursos de especialización en linguaxe galega: 1,00 punto

Este mérito acreditarase mediante título ou certificado validado ou expedido pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou por Centros Oficiais.

No caso de acreditar varios cursos terase en conta só o de maior puntuación.

**SEXTA.-** Tódolos/as candidatos/as deberán realizar unha **entrevista** na que se tratarán tódolos aspectos relacionados coas funcións a desenvolver, valorándose de 0 a 2,00 puntos.

---

**Concello das Neves**



En caso de empate se seleccionará á persoa que teña máis antigüidade como demandante de emprego.

Tódolos méritos que se aleguen acreditaranse con copia dos títulos ou certificacións orixinais. O/a traballador/a seleccionada deberá compulsar tódolos documentos previamente a súa contratación.

**SÉTIMA.** - A Comisión seleccionadora estará integrada polos seguintes membros.

- Presidenta: Dona M<sup>a</sup> Isabel Martín Alonso, Secretaria-Interventora do Concello das Neves.

Suplente: Paula Riádigos Iglesias, Secretaria do Concello de Salvaterra

- Vogais:

- Dona María Del Mar Sousa Alfaya, traballadora Social do Concello de Arbo.

Suplente: María José Casal Pardal, traballadora Social de Crecente

- Dona Yolanda Antela Quevedo, traballadora Social do Concello de Mondariz.

Suplente: Margarida Fernández González, Axente de Emprgo e Desenvolvemento Local.

- M<sup>a</sup> Jesús Rodríguez Freire, Secretaria-Interventora do Concello de Covelo.

Suplente: Ana M<sup>a</sup> Cuesta Jorge, Educadora Familiar do Concello das Neves

- Secretaria: Dona Concepción Solano De Eyto, Técnica do Concello das Neves

Suplente: Dona Esperanza Goyanes López, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello das Neves.

**OITAVA.** - Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, a Comisión formulará a correspondente proposta de designación a favor dos/as candidatos/as que obtivesen a maior puntuación.

---

### Concello das Neves

Praza da Cristiandade, 1 As Neves. 36440 Pontevedra  
Tño. 986 648 038. Fax. 986 648 052. Email: asneves@fegamp.gal

O Sr. Alcalde procederá a efectua-lo nomeamento, asinándose coa persoa seleccionada o corresponde contrato laboral en substitución da Traballadora Social do Concello.

En caso de baixas ou substitucións, se procederá ó chamamento da seguinte persoa, por riguroso orde de puntuación, e previa comprobación de reunir no momento da data os requisitos establecidos nas Bases da Convocatoria.

**NOVENA.**-*Para o non previsto nestas Bases, rexerán como supletorias: a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, e demais disposicións concordante*

As Neves, 14 de outubro de 2016

○ Alcalde-Presidente.

Asdo.: Xosé Manuel Rodríguez Méndez

